

2013 Letras Galegas

Roberto Vidal Bolaño



XUNTA DE GALICIA



2013 Letras Galegas  
Roberto Vidal Bolaño

XUNTA DE GALICIA

**XUNTA DE GALICIA**

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Secretaría Xeral de Política Lingüística  
Belén Quintáns / Asociación Roberto Vidal Bolaño  
2013

Depósito legal: C 659-2013





*“A Asociación Cultural Roberto Vidal Bolaño quere engadirse á primeira liña da lembranza humana, artística e literaria. E faino asumindo esta diversidade tan evidente, demostración obvia da capacidade de Roberto para catalizar vontades, compromiso, implicación. O noso compromiso hoxe é o mesmo compromiso del, está con el.”*

*(Manifesto de presentación da Asociación Cultural Roberto Vidal Bolaño, febreiro de 2013)*



# Para empezarmos...

Nunha reunión do equipo de dinamización da lingua galega do teu centro decide o lugar ideal e o modo de instalar esta exposición. Decide tamén se cómpre desinstalala, como e cando, e de que modo se conservará para poder utilizala no futuro.

Organizade un calendario de visitas por grupos.

Como complemento á visita, sería conveniente ler ou ver algunhas das seguintes obras: *Criaturas* (1.º e 2.º de ESO), *Doentes* (3.º e 4.º de ESO), *Días sen gloria* (1.º e 2.º de BAC).

Procurade a escena 11 de *Criaturas* (RVB 2013a: 192-194), facédevos con dúas, tres ou catro copias e dirixídevos á exposición.

Distribuíde os tres papeis dos personaxes desa escena e o narrador, e tamén a lectura dos carteis, tendo en conta que no cartel 3 son precisas tres voces, no 5 e no 9, dúas.

Tras un breve ensaio, procedede á lectura da escena en alto como se fósedes os intérpretes da obra. Logo que cadaquén lea o seu cartel poñendo a voz que imaxinades que tería o autor das palabras ou o personaxe que fala.

Reorganizádevos en dez grupos para que cada un prepare as cuestións relativas ao seu nivel e cartel.

Suxestións de aplicación das actividades por curso e nivel:



Círculo azul (1.º e 2.º de ESO)



Triángulo verde (3.º e 4.º de ESO)



Cadrado vermello (1.º e 2.º de BAC)

Precisaredes polo menos dez conexións a internet para completar as tarefas propostas.

Se necesitates reler algúns dos carteis, podedes consultalos na sección dos equipos de dinamización da lingua galega no web da Secretaría Xeral de Política Lingüística ([http://www.xunta.es/linguagalega/equipos\\_de\\_normalizacion](http://www.xunta.es/linguagalega/equipos_de_normalizacion)).

Tomade nota das respostas e distribuíde entre todos a lectura dos novos textos, así como a das preguntas e respostas.

Facede unha nova visita á exposición para proceder á posta en común do traballo final.

# Biografía RVB

“Empecei a traballar moi novo, aos 12 anos acabados de cumprir. En Recambios Balsabas, de aprendiz de administrativo pasei a aprendiz de dependente, que ao dicir de moitos entón era un traballo de máis porvir. Nunca cheguei a saber nada de rodamentos, amortiguadores ou bielas, pero iso si pateei Compostela en bicicleta ducias de veces ao día durante un ano, repartindo pedidos ou indo facturar paquetes.

Despois do dos recambios pasei ás viaxes e traballei nunha axencia na esquina do desaparecido edificio Castromil, Viaxes Cantabria creo que se chamaba. Botar oito ou dez horas ao día entre o remuíño de xentes e aconteceres que daquela era o edificio Castromil, para min, entón, era como estar no centro do universo. Moitos dos personaxes das miñas obras son a lembranza de canto alí vin e vivín, tendo apenas quince anos. O director da axencia era o fillo dun “mueblero” da Habana; galego, como non podía ser doutro xeito, a quen a Revolución deixara sen un peso. Teño mantido longas conversas con el; co vello. Para me ilustrar a respecto do ben que se vivía en Cuba en tempos de Batista, gustaba de me contar as viaxes que el e os seus amigos adoitaban facer varias veces ao ano, en avión privado, para vir xogar nos casinos de Montecarlo e da Riviera.

Antes de me dedicar ao teatro, pasaría por un maiorista de coloniais: O BEIRO. Polos electrodomésticos e as instalacións eléctricas DAVIÑA e pola banca: un banco hoxe inexistente de cuxo nome non quero lembrarme. Nove anos chegaría a permanecer en Daviña, exercendo diferentes funcións de carácter administrativo, entre elas de cobrador de morosos, tema arredor do que remataría deseñando unha serie para a televisión que nunca se fixo, malia a coincidencia de practicamente todos cantos viron o piloto en que é do mellorciño que se ten feito por aquí” (RVB, inédito para Alvarellos, 1997).

\* \* \*

“Cando media isto de ser cómico, falar dun mesmo é case sempre ter que falar de moitos. Aínda que un non sempre se recoñeza en todos. Agora mesmo son oito ou nove a un tempo. Ese que nace no barrio de Vista Alegre na Compostela grisenta de 1950, tose polas mañás, ten fillos en idade de mocear xa e sobrevive ao abrigo dun sombreiro sen saber case nunca que vai ser del o ano que vén” (RVB 1998g *Autorretrato*).

## Actividades

---

Santiago de Compostela, xullo de 1950, no barrio de Vista Alegre, nace Roberto Vidal Bolaño.

Había uns días, o 25 de xullo, tivera lugar no bodegón do hotel Compostela a asemblea fundacional da Editorial Galaxia, baixo a presidencia de Ramón Otero Pedrayo, e coa presenza de Manuel Gómez Román, secretario do Partido Galeguista.

Galaxia convértese nunha aposta pola recuperación da lingua e da cultura galegas nos tempos difíciles da Ditadura.



1. Continúa o labor de pescuda sobre Galaxia e responde: (podes acudir a: <http://www.editorialgalaxia.es/editorial/historia.php>)

- > Que persoeiros formaron parte dende o primeiro momento de Galaxia?
- > Busca información sobre o labor que desenvolven Francisco Fernández del Riego, Xaime Illa Couto e Ramón Piñeiro no proxecto.
- > A cal dos tres mencionados se lle atribúe a idea de promover a celebración do Día das Letras Galegas?
- > Sobre este festexo, dende cando se vén celebrando? Quen decide a quen se homenaxea cada ano e que criterios se seguen na proposta?
- > Valora a importancia dunha celebración que xa acadou o seu 50 aniversario para a normalización da vida cultural galega en galego.
- > Entre os anos 1939 e 1950 apenas se publican libros en Galicia e moito menos en idioma galego. A edición desenvólvese, principalmente, en América (en México, O Uruguai e Arxentina). Quen son os motores da produción editorial no exilio?
- > Que autor dos citados na resposta anterior morre tamén en xullo de 1950? En que país ten lugar o seu pasamento? Poderías sinalar a súa achega ao teatro galego no exilio?
- > Do labor de Galaxia destácase que contribuíu ao rexurdimento da actividade intelectual na Galicia interior. Serás quen de dicir en que medida isto se produciu e buscar datos sobre os cadernos *Grial*.



2. Como puidestes ler na autobiografía, Roberto fala de que comezou a traballar con só doce anos. Pensa como podía ser a infancia e a adolescencia dun rapaz compostelán nos anos sesenta e setenta e repara nas seguintes cuestións:
- > O réxime de estudos. Había un ensino obrigatorio? Ata que idade permanecían na escola? Que materias se cursaban e que saídas había nos estudos superiores?
  - > En relación coa súa formación. Que posibilidades terían de actualizar os seus coñecementos fóra das aulas daquela?
  - > Tempo de lecer. Dispoñían de tempo libre? En que actividades podían participar na cidade de Compostela? Que asociacións culturais había na cidade e que papel tiñan os medios de comunicación?



3. Na autobiografía fala dos traballos que tivo que facer antes de se dedicar profesionalmente ao teatro e de como influenciaron despois a súa produción teatral. Fai especial fincapé nunha axencia de viaxes “na esquina do desaparecido edificio Castromil” de Santiago:
- > Busca no cartel 1 o citado edificio e indaga arredor da súa localización, a construción, os diferentes usos que tivo, a súa demolición a mediados dos setenta etc.
  - > Por que afirma Roberto que para el, daquela, era como estar no centro do universo?
  - > Sabes en que obra súa, da que recentemente se fixo unha película, hai unha escena que transcorre no edificio Castromil? Dámosche unha pista: Antonio Durán *Morris* e Xosé Manuel Olveira *Pico* eran os protagonistas.

# Teatro infantil e de rúa

“CATARINA DE SIENA: As historias non son nosas, son de todos. Contábanlles os avós aos netos, ou os pais aos fillos, ao remol dun lume na noite ou para benlevar a longura dos invernos, cando os saberes pasaban duns a outros, voltos lendas, ditos, contos ou consellas (...) Se son ou non verdadeiras, pouco importa. Son o xeito en que, outros antes que nós, se explicaron a si propios e nos explicaron a todos, a orixe das cousas que importan e algúns dos moitos misterios que se esconden nos profundos do universo mundo” (RVB 1996a *Touporroutou*: 21-22).

“Ían dun sitio ao outro a pé, ou en carro, cando alguén se prestaba a os levar. Chegaban maiormente en día de feira ou de festa, pero, ás veces, mesmo en calquera outro. Rifaban un anaquiño entre eles. Armaban o estaribel, que nunca era alá moita cousa. Botaban a súa farsada choqueira. Pasaban a pucha entre a xente. E tal como viñeran, íanse, sen deixar máis memoria de si propios que a maxia das súas historias e a inesquecible lembranza daqueles bonecos lixosos dos que se valían para lles revelar a cantos quixesen oílos, os máis dos misterios que se esconden nos profundos do universo mundo” (RVB 1996a *Touporroutou*: 5).

“É o teatriño de Marcelino de Santiago Viqueira “Kukas”, un dos grandes do teatro de monicreques, escenógrafo, pintor e fotógrafo. En 1979 polas Festas de San Roque actuou nas Casas Baratas e quedou esta foto para a historia, para a do barrio-mundo e para a do teatro galego. A imaxe resulta representativa da precariedade con que comezaba o guiñol, en Galicia, a finais dos anos setenta do século XX. Como tal foi exposta numerosas veces e publicada en varios libros e revistas” (Teatro do Aquí, facebook).

## Actividades



1. Vidal Bolaño non escribiu unicamente para adultos, senón que se detivo tamén na produción infantil: *O romance dos figos de ouro*; *Xaxara*, *Peituda*, *Paniogas*, *Tarelo*, *O Rapaz* e *o Cachamón* (ou como *trocara en rato pequecho o meirande xigantón*) e *Touporroutou da Lúa e do Sol*.

- > Busca na <http://robertovidalbolano.org/recursos> carteis e fotos de representacións de pezas destinadas ao público miúdo. Ordénaos seguindo unha liña do tempo de acordo coa data da súa posta en escena e resume o tema que trata cada unha.

2. Tras a lectura do fragmento de *Touporroutou*, comedia subtitulada “farsada choqueira para actores e bonecos, ou viceversa”, queremos saber que historias populares coñecedes ou vos contaron de pequenos para explicavos “a orixe das cousas que importan e algún dos moitos misterios”.

3. O terceiro dos fragmentos fai referencia a Kukas que, xunto a Isabel Rey Pousada, fundará a compañía de teatro de monicreques máis antiga de Galicia e unha das máis estables do panorama teatral galego.

- > Busca información sobre o autor e a compañía e indica o nome dalgunha das súas montaxes teatrais. A que tipo de público van dirixidas?
- > En que ano se fundou a compañía Os Monicreques de Kukas e en que cidade?
- > Axudado polos dous datos anteriores e volvendo ao texto, cres que este relata algún feito importante ou representativo?
- > Busca algunha fotografía da época na que empezaba a compañía. A que se refire cando fala da precariedade coa que comeza o teatro de monicreques galego?
- > Tras uns duros comezos e unha longa e próspera carreira, a compañía de monicreques funciona na actualidade. Menciona algún dos espectáculos activos da compañía.

<http://kukas.redbiocultural.net/node/70>



4. O que agochan os espectáculos de marionetas.

- > O espectáculo por dentro. Infórmate sobre técnicas de construción e de manipulación propias deste xénero: as marionetas de fío, os monicreques de variña, os monicreques de luva e variña, as sombras chinesas, as marionetas ao estilo belga, as de mesa...



Participaches nalgún obradoiro sobre estas técnicas? Se che interesan, podes ir a <http://www.tanxarina.es> ou a <http://titerescachirulo.com/gl>

- > Coñeces o nome dalgunha compañía que se dedique na actualidade a ese tipo de teatro?
- > Busca información sobre Titirideza, Viravolta Títeres, Títeres Seisdedos, Museo Galego do Títere e valora a súa achega a este eido.



5. Cal é o nome da compañía máis popular e que hoxe serve para denominar un premio para textos de teatro que convoca a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC)?

- > Comenta a afirmación de Comba Campoy: “Barriga Verde era considerada unha diversión inofensiva, por iso nos anos máis duros da represión segue representando en galego. O monicre-que Barriga Verde exercía de contrapunto, era a voz discordante ante un poder abusivo”.

– Continúa o labor de pescuda sobre:

- > José Silvent, precursor do teatro galego de marionetas.
- > O documental *Morreu o Demo, acabouse a peseta* sobre o traballo pioneiro de Silvent e a súa familia, de Tintimán Audiovisual.

O filme encádrase nun proxecto máis amplo, en colaboración con Viravolta, encargados de reconstruír a barraca da familia Silvent e o espectáculo de Barriga Verde.



6. Que poeta galego se inspirou nunha das súas pezas para facer unha serie de textos teatrais que publicou con igual título, *Barriga Verde*?

- > Que supón para a traxectoria creativa de Roberto a publicación, en 1973, de *As farsas para títeres* de Blanco Amor?

# Compostela

## *Doentes*

“A finais dos anos 50, por presións do Réxime, as reformas, que converterían o antigo Hospital Real no actual Hostal dos Reis Católicos, foron iniciadas de xeito precipitado por vía de urxencia cando as obras do novo hospital aínda non concluíran definitivamente. Esa precipitación provocou que un número indeterminado de enfermos e residentes fose dado de alta transitoriamente. Moitos deses enfermos ficaron en Compostela. Os máis graves ou os máis podentes foron acollidos en pensións ou en casas particulares, pero outros moitos vagaron como espectros durante días polas rúas de Compostela.

*Doentes* conta as andainas deses enfermos (...). Xuntos percorreren as rúas e os recunchos máis insospeitados dunha Compostela posuída pola loucura e pola brétema, entremedias de falanxistas, grises, militares, gardas civís, membros de *checas*, adoradores nocturnos, taberneiras célebres, putas desmealloradas (...), *roxos* calados (...), limpabotas filósofos (...), a campá da Berenguela (...), a memoria dun guerrilleiro morto e o influxo da súa Excelencia, ata compoñer un fresco histórico metáfora e síntese da España do seu tempo. E quen sabe se tamén deste” (RVB, programa de man do espectáculo *Doentes*, de Teatro do Aquí, editado pola propia compañía).

## *As actas escuras*

“O Argumento d’*As Actas Escuras* xira arredor das escavacións levadas a cabo na Catedral de Santiago durante o arcebispado do Cardeal Payá e Rico, entre 1878 e 1879, para recuperar as cinzas do Apóstolo tan celosamente escondidas polo arcebispo Xoán de Sanclemente con motivo do cerco da Coruña polos ingleses en 1589. O equipo responsábel deste labor, composto por expertos eclesiásticos e universitarios, debería ademais, cos asesoramentos que se xulgasen necesarios, confirmar a autenticidade dos achados (...) Un traballo complexo que dá lugar a máis preguntas que respostas.

Á vista quedaba claramente unha imposibilidade evidente dunha resposta que confirmase dun xeito definitivo a autenticidade dos restos atopados que, podendo ser os enterrados por Sanclemente, non tiñan en absoluto por que seren os restos do Apóstolo e dos seus discípulos” (Quintáns 2005: 11-12).

## *Días sen gloria*

"[No século XVII]. No Camiño de Santiago, en Francia, un cabaleiro abandona a unha prostituta sen pagarlle. Ela ten unha filla e a dona da pousada na que exerce esíxelle que vaia na procura do home para lle cobrar a débeda, baixo a ameaza de non lle deixar ver nunca máis á súa filla. Ela (...) busca alguén que a conduza no Camiño de Santiago e dá cun guía veterano afeito ás bolsas alleas e coñecedor dos atallos. Pero a relación ten os seus enganados porque o camiñante agacha no seu carro unha intención improbable de conseguir que o Apóstolo resucite a súa muller morta. As etapas van marcando uns acontecementos nos que aparecen personaxes que se moven entre o engano aos peregrinos e os que contan historias. O cabaleiro ao que seguen vai tendo duelos en case todas as vilas e eles van dando cos mortos ou os feridos de morte que vai deixando" (Franco 2012: 63-64).

## Actividades

Aínda que calquera das producións teatrais de RVB podería situarse en Compostela, os textos que incluímos deseguido están especialmente dedicados á cidade en que naceu e que marcou a súa vida.

16

### DOENTES



1. Os personaxes de *Doentes* botan a andar toda unha noite pola zona vella compostelá e van pasando e parando en certos lugares emblemáticos da cidade.
  - > Nun plano da cidade dos anos cincuenta, sinala os principais lugares vinculados coa vida e a obra de RVB: Vista Alegre, o Hospital Real, o edificio Castromil.
  - > Cotexa o itinerario con un que traces nun plano actual (<http://www.santiagodecompostela.org/gmaps/mapa.php?n=1365609888&usuario=usrgmaps>).
2. O Hospital Real é o centro da acción da peza. Procura información sobre a súa transformación nun hotel de luxo.
3. Roberto dicía que esta era "unha historia de personaxes". No deambular nocturno vai aparecendo ante nós unha galería de figuras singulares. A quen nos referimos?



4. A versión cinematográfica de *Doentes* (2011). Baseada na obra teatral homónima, Gustavo Balza dirixe un filme netamente galego, con elenco e produción propios e rodado no noso idioma.

- > Busca información sobre os actores que lle deron vida ao vello cura Valeriano e a Cañete e sobre as localizacións elixidas á parte de Santiago. Recupera tamén o amplo elenco de intérpretes que participaron.
- > Busca novas de prensa sobre a súa estrea, a súa presentación no Festival de Málaga e a súa selección para o Festival Internacional de Cine de Moscova.

## AS ACTAS ESCURAS



- Como ves, neste texto fálase dun feito histórico, a investigación realizada no ano 1878 sobre os restos do Apóstolo, que supostamente acolle a Catedral de Santiago, e que levaron a cabo expertos eclesiásticos e universitarios.
  - > Poderías dicir quen foron os responsables da investigación e cal era o seu cargo? Como resolveu a Igrexa, finalmente, o conflito que formula a peza?
  - > Sabes o que é un “dogma de fe”? Reflexiona sobre o tema da verdade revelada e da verdade científica.
  - > Sobre a súa posta en escena. Por quen foi representada e en que ano? Quen foi o director? En que vilas puido verse?

## DÍAS SEN GLORIA



- Días sen Gloria* é unha peregrinación a Compostela. A acción sitúase no Camiño de Santiago e os protagonistas son unha parella de perdedores: un guía e unha prostituta, El e Ela.
  - > Que itinerario seguen os personaxes? Fálase de Camiño Francés, poderías trazar o percorrido, cos seus puntos senlleiros e os monumentos máis importantes? Que outros camiños cara a Santiago coñeces?
  - > O camiño convértese nun lugar de encontro de homes e culturas diferentes, de crentes e incrédulos, de santos e pecadores, de comerciantes e curiosos... Cal é o significado do Camiño no século XVIII? E na actualidade?
  - > Sobre a primeira montaxe da obra... Quen a dirixiu? Que compañía a puxo no escenario? Quen fixo o papel de guía? E de prostituta?
  - > Con que premio foi recoñecida esta obra? De que certame foi finalista? Que consecuencias lle provocou a súa cualificación como “irreverente”?

# Outros autores

“A agudeza de Roberto Vidal Bolaño déixanos unha mancha de grandes textos. Textos enormes cando son representados sobre un escenario e cando son actualizados nese acto sublime da literatura, no enfrontamento entre o texto e o lector. Roberto soubo aplicar unha lente precisa sobre a realidade e proxectar unha mirada diferente. E esa ollada permítenos comprender un campo de visión que vai moito máis alá da tona que envolve como papel de agasallo a capa máis superficial e aparente da realidade. Ese ollar penetrante é talvez o que distingue os autores xeniais, os imprescindibles, que diría Bertolt Brecht, dos que simplemente son competentes escritores. E non é pouca cousa. Ademais, a obra de Vidal Bolaño convoca permanentemente os derrotados. Coma se con precisión intelectual evidenciase dramaticamente a exactitude daqueles versos de Ferrín, amigo e, sen dúbida, un dos autores que máis admirou: En Compostela estamos moitos xa pero sempre derrotados. Pero as derrotas dan vida e arman a revolta” (Dobao, 2012).

## Actividades

---



1. Todas as obras que aparecen no cartel son adaptacións feitas por Vidal Bolaño. Cando falamos dunha adaptación literaria, facemos referencia á transformación dunha obra noutra, dun formato literario noutro, o que significa mudar de linguaxe literaria e incluso modificar parte do argumento, polo que debe considerarse como unha creación artística independente.
  - > Atendendo a esta afirmación, coñeces as obras que aparecen no cartel? Fai un contraste entre as obras orixinais de cada autor e as de Vidal Bolaño.
  - > As adaptacións son só de carácter teatral?



2. Relaciona cada obra co seu autor:

|                     |                                           |
|---------------------|-------------------------------------------|
| X. L. Méndez Ferrín | <i>Oé, oé, oé</i>                         |
| Bertolt Brecht      | <i>Salomé</i>                             |
| R. Otero Pedrayo    | <i>Os papalagui</i>                       |
| Daniel Cortezón     | <i>Xelmírez ou a gloria de Compostela</i> |
| Oscar Wilde         | <i>O desengano do prioiro + Rosalía</i>   |
| Maxi Rodríguez      | <i>A ópera de a patacón</i>               |
| Eric Scheurmann     | <i>Percival</i>                           |

- > Cales son galegos? Cales son estranxeiros? Que dificultade engadida atopa un autor á hora de facer unha versión dunha obra non escrita na súa propia lingua?



3. Unha das obras mencionadas é unha das primeiras narracións que publicou o seu autor e que dá nome ao conxunto de relatos editados en 1958. Este libro de relatos, entre outros, fai que o autor sexa encadrado na chamada Nova Narrativa Galega, pola ruptura coa narrativa anterior e polas innovacións técnicas que abren novas vías á narrativa posterior.

A materia de Bretaña está presente na obra desde prismas diferentes ao longo da súa creación. Unha lenda na que o autor recrea, nun ambiente no que realidade e fantasía se fusionan, as aventuras do mítico cabaleiro medieval personificadas nun aristócrata do século XX.

- > Sabes a cal nos referimos?

4. Á marxe dos xa citados, que escritores de teatro universal coñeces?



5. Para normalizar e regularizar a actividade teatral galega, nace o Centro Dramático Galego (CDG) 10 anos despois da primeira Mostra de Teatro Internacional de Ribadavia. Ao “teatro da xente” sucede logo o “teatro institucional”.
- > Imos saír na procura de datos sobre o CDG e a relación de RVB con el.  
Podes consultar: <http://www.centrodramatico.org/cdg/>
  - > Foi Roberto director do CDG?
  - > Que obras súas foron representadas e cales dirixiu para o CDG?
  - > Que famosa obra, de carácter musical, se representou o pasado ano baixo a dirección de Quico Cadaval en homenaxe a Vidal Bolaño?
  - > Investiga sobre as obras de RVB que poñerá en escena o CDG ao longo deste ano das Letras Galegas. Bota man de <http://robertovidalbolano.org/>
  - > Que espazo acolle en Santiago as representacións da compañía pública?

# Roberto e Galicia

Le no cartel 5 ou procura unha copia deste na sección dos equipos de dinamización da lingua galega no web [http://www.xunta.es/linguagalega/equipos\\_de\\_normalizacion](http://www.xunta.es/linguagalega/equipos_de_normalizacion)

## Actividades



1. Ao longo da unidade foron aparecendo os nomes de varias compañías galegas de teatro de prestixio. Cita as fundadas por RVB axudándote das fotografías do cartel.



2. Dúas das obras máis representativas de Vidal Bolaño son *Mar revolto* e *Laudamuco, señor de ningures*.
  - > Que suceso relacionado coas ditaduras portuguesa e española trata en *Mar revolto*? Cal é o argumento central de *Laudamuco*, obra que o fixo merecedor do Premio Abrente no 1976?



- > Sobre Abrente. Onde e por que xorde a Agrupación Cultural Abrente? Quen formou parte da Xeración Abrente ou de Ribadavia? Dende cando se realizaba o certame? Que autores teatrais recibiron o Premio Abrente?
- > No mes de xullo organízase un festival de carácter internacional nesa mesma vila ourensá. De que vila e de que festival estamos a falar? Podes consultar <http://www.mitribadavia.com/>
- > Que outras mostras de teatro similares coñeces, galegas ou de ámbito internacional?

3. Tocante a premios teatrais vinculados á escena teatral galega, queremos saber, de entre os da seguinte relación, cales se lle outorgaron a Vidal Bolaño.

ABRENTE  
RAFAEL DIESTE  
ÁLVARO CUNQUEIRO  
MARÍA CASARES  
EIXO ATLÁNTICO  
MAX DE TEATRO  
DIARIO CULTURAL DE TEATRO RADIOFÓNICO  
MARUXA VILLANUEVA



4. Identifica estes autores teatrais galegos de renome.

1




2



3



4



1

2

3

4



5. Un bo espectador de teatro non é necesariamente aquel que leu ou viu multitude de obras de teatro. Hai moitas obras, de Vidal Bolaño e doutros directores, das que coñeces a trama, os personaxes e o que representan na historia da literatura teatral aínda que non as vises. Seguramente fuches ao teatro hai pouco. Fai unha breve sinopse sobre a última peza que viches e preséntallela aos teus compañeiros.
6. Que teatros se chaman Vidal Bolaño en Galicia?

# O teatro urbano

Continuación do texto do cartel:

“Un teatro que, ademais desa forma de expresión e comunicación á que ningunha cultura que se queira viva pode subtraerse, se aspira a preservar e revitalizar aqueles sinais da súa identidade que a fan existir como tal, sexa un produto artístico de elaboración industrial, capaz de xerar riqueza e de idoneizar a explotación racional dos nosos recursos humanos, económicos e infraestruturais. Ese teatro hoxe máis ca nunca, ten que estar aquí, entre nós, ao noso alcance, só hai que saír a buscalo” (RVB 1993b *Días*. Manifesto inaugural de Teatro do Aquí).

## *Criaturas*

*“Nun vertedoiro. Dous homes buscan no lixo e conversan afablemente. A CRIATURA, obsérvaos dende un curruncho.*

HOME UN: Como o escoitas, son feliz.

HOME DOUS: Non digas estupideces.

HOME UN: Hai xente que o é.

HOME DOUS: O que: estúpido? Ben o sei.

HOME UN: Non, feliz.

HOME DOUS: Ti, talvez?

HOME UN: Si, señor, eu.

HOME DOUS: Estás nunha casa de acollida ou nun manicomio?

HOME UN: Non estou tolo, son feliz.

HOME DOUS: E non te sentes ridículo?

HOME UN: Xa me teño sentido peor.

HOME DOUS: Eu non son feliz, pero tampouco me queixo. Como se pode ser feliz no medio de tanto desgraciado?

HOME UN: Xusto por iso. Que haxa tanta xente desgraciada axuda a que un sexa feliz.

HOME DOUS: Non teño ningún interese en ser feliz así. Vaime moi ben sendo desgraciado.

HOME UN: Porque non sabes o que é ser feliz.

HOME DOUS: Refíreste a ter muller e fillos, un traballo fixo e un *adosado* con terraciña? Xa tiveron todo iso e non me sentía mellor.

HOME UN: Refírome a deixar de *chutarse* e ver as cousas como son.

HOME DOUS: E como son?

HOME UN: Mellores do que pensamos. Crer nel axuda moito.

HOME DOUS: Crer en quen?

HOME UN: En Deus. Eu antes non cría nel e así me ía" (RVB 2013a *Criaturas*: 195).

## Actividades

O fragmento que acabas de ler no cartel corresponde ao texto fundacional de Teatro do Aquí, compañía galega profesional, fundada por RVB.



1. Coñeces algunha compañía galega profesional actual de teatro? E afeccionada? Mencionaas. Sabe-rías indicar as diferenzas básicas que existen entre unha e outra?



2. O feito de que haxa compañías profesionais en Galicia é un sinal da normalización do feito teatral e da súa industria, ámbito no que traballan e do que vive un bo número de persoas, directores, actores, iluminadores, técnicos...

> Entre as persoas retratadas abaixo, procura os nomes das que exercen a dirección teatral:



## *Criaturas*



A obra de Roberto está inzada de derrotados, e non se entendería sen eles. Derrotados aos que tivo a ousadía e a capacidade xenial de facer que vertebrasen toda a súa produción artística, mostrándonolos en toda a súa dureza espida, coa cotra de todas as súas miserias, como no anaco de *Criaturas* reproducido.

3. Poderías identificar esta escena con algunha real que puideses observar no día a día que nos toca vivir?
4. Fíxate no cartel e busca o personaxe protagonista de *Criaturas*.
5. Repara no feito de que os que falan no texto non teñen nome, a que cres que se debe? Que intencionalidade agocharía o autor?

# Oficios do teatro

“As compañías que representaban Autos Sacramentais na Quintana eran a Lope de Vega de Madrid e Ditea de Santiago. En concreto, a da hostia avanzando por raís era a de Ditea que dirixira Agustín Magán, un home ao que todos nós, os do teatro, debemos moito do que somos” (RVB en Alvarellos 1997: 227).

“Este libro pretende divulgar, dun xeito amplo e comprensible para todas as idades e intereses, as profesións vinculadas coa produción teatral, que tanto contribuíu a dignificar e a modernizar Roberto Vidal Bolaño. Debuxou coa súa voz, falou con máscaras, coa forza expresiva do corpo, dos ritmos populares, das técnicas audiovisuais, deseñou espazos onde concitou heroes e mitos do pasado ou desagaviados e silenciados do presente. Inconformista, polémico, ocupado en oficiar en cada función a máis fresca e vibrante liberdade da acción dramática. Esta obra amosa o que hai detrás dos fíos que crean a maxia inesgotable, eternamente transformadora, da arte do teatro” (Pascual 2013: contracapa).

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

## Actividades



1. Roberto era coñecido como *factotum* polo seu dominio de todos os oficios do teatro. Moitos eran aos que sumaba os seus esforzos en cada produción teatral.
  - > Se te fixas no cartel, aparecen varias fotografías que teñen que ver coas distintas facetas do home de teatro, todas relevantes para a posta en escena dun espectáculo. Identifica cada unha.
2. No fragmento inicial alúdese á figura doutro *factotum* do teatro, outro “home para todo” á par de Vidal Bolaño, Agustín Magán, fundador da compañía de teatro de cámara Ditea (Difusión de Teatro), con máis de medio século de vida.
  - > Busca información sobre Agustín Magán e sobre o nacemento deste teatro contemporáneo galego.
    - O teatro de cámara e os grupos Ditea, Teatro Popular, Esperpento e Valle Inclán.  
<http://ditea.blogspot.com.es/>

2013 DÍA DAS LETRAS GALEGAS

- O festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán.
- Fegatea (Federación Galega de Teatro Afeccionado) é a responsable da creación e promoción do Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán desde o ano 2002, ademais da responsable de outorgar unha serie de premios á animación teatral. Consulta: <http://www.fegatea.org/>



3. Os Premios María Casares son os galardóns por excelencia do teatro galego. Foron creados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia no ano 1997, co fin de servir de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral galega.

As categorías que son obxecto de recoñecemento nos Premios de Teatro María Casares son: Maquillaxe, Vestiario, Iluminación, Música Orixinal, Adaptación/Tradución, Texto orixinal, Escenografía, Actor secundario, Actriz secundaria, Actor protagonista, Actriz protagonista, Dirección e Espectáculo.

- > A partir das anteriores categorías, fai a relación dos oficios que interveñen na posta en escena dunha peza teatral.

- > Outros menos coñecidos que tamén interveñen son produtor, escenógrafo, figurinista, técnico de escena ou técnico de son. Poderías dicir cales son as súas funcións?
- > Busca información sobre a edición de 2013 e pon a persoa galardoada á beira de cada categoría.
- > Relacionamos as categorías cos oficios que interveñen na montaxe da peza. Repara nos que se ven e están diante do pano e naqueles que están detrás del. Clasifícaos.
- > Que 'oficios' desenvolveu Roberto?



#### 4. Premios María Casares de Teatro.

- > Cal é a razón da súa denominación? Quen era María Casares e que relación tivo co teatro galego?
- > En que data e con ocasión de que feito se resolven estes premios?
- > Que día se celebra o Día Mundial do Teatro e por que?
- > O seguinte texto pertence ao Manifesto Galego do Día Mundial do Teatro deste ano 2013. Leo e responde:

“Roberto Vidal Bolaño, coma sabio canteiro, é un dos dramaturgos e actores que teñen postas as pedras basilares da casa comunal do teatro galego actual, cunha humanidade que é filla dunha radical liberdade. Coa súa voz que vén dos territorios máis lonxincuos do ser, anainábanos e dicíanos verdade, cunha obra que nos emociona e nos diverte, que nos desacouga para que saibamos retornar e non nos perder polos camiños de retorno á casa natal. Roberto, na súa obra, revélanos o descoñecido de nós. El dinos que é o que achega á cultura universal este anaco da humanidade que somos os galegos e as galegas.

Á luz deste marzo final, xa primavera, co rostro orballado de breves lágrimas de cristal e transparentes panos de liño, baixo un ceo de azul tenrura, Roberto abrázanos con afouteza e lévamos da man cando os días estean para nós os seus zapatíños de charol”.

- > Quen foi o encargado de lelo? Onde? Que idea nos quere transmitir?

# O nariz de pallaso

## O bufón

*“Sen ir máis lonxe é un monólogo que, interpretado polo propio Vidal Bolaño, foi estreado, en 1999, por Teatro do Aquí, e publicado en 2002. Nesta ocasión, o dramaturgo e actor, o pallaso do nariz vermello, interprétase a si mesmo nunha visita á cripta do Apóstolo Santiago para lle pedir algunhas explicacións ao santo. Resulta unha emotiva reflexión en que se mesturan elementos autobiográficos con notas de humor que rompen a intensidade emocional. De novo encontramos o clientelismo político do goberno galego, a submisión da prensa ao poder e, xa que logo, o papel antisocial e inxusto dos xerarcas da Igrexa católica. O cinema, como referente, leva o espectador aos soños frustrados do cineasta que non puido ser, ás orixes do escritor, aos anos do Cine Salón Teatro, de Santiago de Compostela, en sesión continua, onde un rapaz de doce anos podía traballar, mais non podía ver unha película que estivese catalogada pola censura para “Mayores de 16 años” e, en consecuencia, acababa na comisaría. O tabaco, e as súas consecuencias na saúde, incorpóranse como subtema neste precioso monólogo” (Tato 2013: 64-65).*

30

*“Nun momento da historia coma este, tan cheo de falsos profetas, de apóstolos dunha comunicación inexistente, de predominio absurdo e comenenciado da imaxe fronte á palabra oral ou á letra impresa, non estaría de máis devolverlles a voz aos poetas. Arrincarlles á confusión e ao ruído atordoante, un recuncho de dignidade polo que fose posible escoitar a súa voz sosegada, firme, certa. Polo que fose posible achegarse sen intermediacións innecesarias, sen subterfuxios, sen adulteracións que reneguen vergoñosamente da súa condición orixinaria, a palabra dos dramaturgos enunciada por eles mesmos, nun momento, nunha lingua, e nuns espazos irrepitibles e concretos” (RVB en Quintáns 2013: 17).*

## Actividades



1. Observa o cartel e di que teñen en común todas as imaxes.
  - > Para que emprega Roberto o nariz de pallaso?
  - > Que é un bufón? Cal é a súa orixe? E a súa relación co poder?

2. Neste texto, fálase do termo censura, moi relacionado cun momento histórico, a Ditadura.

> Describe a situación lingüística e literaria deste período.



3. Entra en <http://redenasa.tv/gl/post/sen-ir-mais-lonxe/>



– Despois de ver o fragmento da obra, contesta as seguintes preguntas:

> De que xénero teatral se trata?

> Que caracteriza este xénero?

> En Galicia, hai unha gran canteira de monoloxistas ou contacontos. Coñeces algún? Indica os seus nomes.

4. Na súa dramaturxia, a Igrexa católica ten un papel moi importante. Cal era a súa visión sobre este tema?

5. Que relación garda o Salón Teatro coa morte de Vidal Bolaño? Quen é o propietario deste edificio? De que importante compañía é sede?

6. Que obxectos se puxeron enriba do seu cadaleito?



7. Vidal Bolaño tamén nos dá o seu parecer na revista *Mapoula* sobre as figuras de Darío Fo e Manuel Lourenzo, que acababan de ser recoñecidos co Premio Nobel e o Nacional de Literatura, respectivamente. Que opinaba sobre eles?

[http://www.realacademiagalega.org/novas/-/asset\\_publisher/E4jf/content/vidal-bolaño-entrevistado-en-mapoula?redirect=http%3A%2F%2Fwww.realacademiagalega.org%2Fnovas%3Fp\\_p\\_id%3D101\\_INSTANCE\\_E4jf%26p\\_p\\_lifecycle%3D0%26p\\_p\\_state%3Dnormal%26p\\_p\\_mode%3Dview%26p\\_p\\_col\\_id%3Dcolumn-1%26p\\_p\\_col\\_count%3D2](http://www.realacademiagalega.org/novas/-/asset_publisher/E4jf/content/vidal-bolaño-entrevistado-en-mapoula?redirect=http%3A%2F%2Fwww.realacademiagalega.org%2Fnovas%3Fp_p_id%3D101_INSTANCE_E4jf%26p_p_lifecycle%3D0%26p_p_state%3Dnormal%26p_p_mode%3Dview%26p_p_col_id%3Dcolumn-1%26p_p_col_count%3D2)

# Actor

“Estamos a falar dun actor polivalente, cunha marcada deriva popular, que ten as súas raíces nas técnica e maneiras dos *jograis*, *arremedadores*, *cazursos*, *esgrimidores*, *frasechadores*, *nigromantes*, *titiriteiros* e *maskarados* (...).

Un actor que suma ós recursos da palabra, coa que recrea todo tipo de rexistros, discursos, espazos, tempos ou situacións, a súa capacidade de transformación con a penas dous ou tres elementos (que se converten en signos dun personaxe, dun espazo, dun conflito, dunha acción...), e unha considerable competencia no eido da expresión xestual e corporal (...)” (Vieites 2002: 171).

## Actividades

32



1. RVB foi un grande actor e participou en numerosas obras teatrais, series, filmes e curtametraxes. Da listaxe de títulos que damos deseguido, risca aqueles nos que participou:

*Laudamuco, señor de ningures*  
*Salomé*  
*Tartufo*  
*A ópera de a patacón*  
*Touporroutou da Lúa e do Sol*  
*Mareas Vivas*  
*0,7% Molotov*  
*A lingua das bolboretas*  
*Amor serrano*  
*Matalobos*



2. Serías quen de identificar os seguintes actores e actrices do panorama galego actual?



3. Se desexas cursar estudos superiores de Arte Dramática en Galicia podes facelo na ESAD de Galicia (Escola Superior de Arte Dramática) en Vigo.
  - > Que formación regrada ofrece o centro e que especialidades se poden facer?
  - > Dende cando se vén impartindo esta formación?
  - > Entra no seu web [www.esadgalicia.com/](http://www.esadgalicia.com/) e busca datos que che axuden a completar o que sabes sobre o teatro galego do século XX: a Escuela Regional Gallega de Declamación, o Conservatorio Nazonal do Arte Galego, a Escola Dramática Galega.

# Audiovisual

“Nunca cheguei a facer o exame de acceso na Escola Oficial de Cine, porque xusto ese ano foi fechada polo Réxime. Tardárase tempo en saber que o feche era indefinido. Para cando o ensino regulado no cine volveu reinstaurarse fíxoo no marco universitario e no seo da chamada Facultade de Ciencias da Información. Nese momento eu tiña a miña vida demasiado complicada xa e carecía da titulación esixida para o acceso á universidade. Sen o querer, vinme abocado ao autodidactismo, circunstancia que hoxe en día non lamento, anque me teña fechado non poucas portas” (RVB, inédito para Alvarellos, 1997).

## Actividades

34



1. Na entrevista a Vidal Bolaño do cartel menciónase unha nova forma de poñer en práctica o audiovisual a través do cinema afeccionado, ante a dúbida da reapertura da xa citada Escola Oficial de Cine que fora pechada polo réxime franquista. Tamén se alude ao Colectivo Lupa, formado dentro da Agrupación Cultural O Galo, que pon en marcha este labor.
  - > Procura información sobre a Escola Oficial de Cine de Madrid e indica que relación tivo RVB con ela e como incidiu o seu peche na futura traxectoria do autor.
  - > Que era o Colectivo Lupa? En que ano se fundou? Menciona algúns nomes dos membros que o conformaban.
  - > Coñeces a Agrupación Cultural O Galo? Procura algún dato interesante en <http://www.acogalo.net/>
  - > Canda O Galo aparecen por estes anos outras asociacións culturais coma O Facho, Ateneo, Asociación Cultural de Vigo. En que vilas galegas levaron a cabo a súa actividade?



2. O ano de estrea do medio audiovisual por excelencia, a TVG, é o 1985. A creación dunha televisión autonómica en lingua propia tórnase nun feito importante e representativo para a normalización do idioma.
- > Poderías citar o nome dalgunha curtametraxe, serie e película nas que actuou Roberto Vidal Bolaño?
  - > Cal é o filme máis coñecido da súa etapa no audiovisual?
  - > Neste punto, continuamos interesándonos pola presenza da información teatral nos medios:
    - Verifica a presenza do teatro nos medios audiovisuais: a TVG e a radio.
  - > Coñeces algún programa de televisión dedicado a dar información sobre o espectáculo teatral: edición de textos dramáticos, divulgación da escrita teatral, posta en escena?
    - Tocante á radio.
  - > A partir de novas de prensa ou da rede, busca datos sobre a última convocatoria do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico.  
Podes ir a: <http://www.crtvg.es/crtvg/crtvgviva/convocase-a-setima-edicion-do-premio-diario-cultural-de-teatro-radiofonico>
  - > Que edición toca no 2013? Con que obxectivos se veu convocando? Que premios se establecen? Dende que ano se vén realizando? Están publicadas as obras premiadas e finalistas? Indica o título do volume e a editorial responsable.



3. En Galicia temos unha Academia do Audiovisual Galego.
- > Cal é a función desta asociación? Quen forma parte e que ámbitos do audiovisual están presentes? Onde ten a súa sede?
  - > Unha das súas actividades máis coñecidas é a organización anual dos Premios do Audiovisual Galego Mestre Mateo. Busca noticias de prensa en que se dea conta da edición deste ano.

4. Outra das figuras que resultou de grande interese para a difusión da cultura cinematográfica na segunda metade do século XX foi o cineclub. Investiga se existiu un na túa vila ou cidade, como funcionaba (a escolla da temática dos filmes, a difusión...)

<http://cineclubedecompostela.blogaliza.org/>

<http://cineclubecarballino.blogspot.com.es/>

Repara no cartel e fíxate no carné de socio de Roberto.

## Bibliografía

De Roberto Vidal Bolaño

### 1977a *Laudamuco*

*Laudamuco, señor de ningures, (pandiga-da traxicómica do servo e do señor)*. Compostela: Editorial Pico Sacro, 1977: 5-59. Colección Teatro Galego 4.

### 1992a *Bailadela*

*Bailadela da morte ditosa (Sete Bailere-tadas de amor e unha de morte)*. Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 1992. Colección A Biblioteca do Arlequín 7.

### 1992b *Agasallo*

*Agasallo de sombras (Romaxe de feridas e de medos en dous actos e dezanove escenas)*. Compostela: Editorial Compostela. Edicións El Correo Gallego, 1992. Biblioteca 114, 86: 17-89.

### 1992c *Cochos*

*Cochos. Relatorio valeroso en dous tempos, un prólogo, e un epílogo para porca e actor en cativerio*. Compostela: Sotelo Blanco edicións, 1992. Colección A Biblioteca do Arlequín 11.

### 1992d *Días*

*Días sen gloria*. A Coruña: Editorial Deputación Provincial, 1992.

### 1993a *Saxo*

*Saxo tenor (desgracia arrabaldeira improbable entre loucos, chourizos, gánsters, chulos, currantes e putas)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, S. A. 1993. Colección Os libros do Centro Dramático Galego 13.

### 1996a *Touporroutou*

*Touporroutou da Lúa e do Sol (farsada choqueira para actores e bonecos ou vice-versa)*. A Coruña: AS-PG, 1996. Colección Teatro nas Aulas 5.

### 1998a *Ópera*

*A ópera de a patacón. Versión libre para charanga e comediantes pouco ou nada subsidiados, arredor de textos de John Gay e Bertolt (sic) Brecht*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia S. A., 1998. Colección Os libros do Centro Dramático Galego 24.

### 1998b *Doentes*

*Doentes*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 1998.

### 1998d *Rastros*

*Rastros. Desgracia en catro tempos e unha presada de recordos*. Compostela: Edicións Positivas S. L., (maio) 1998. Colección Popular Teatro 4.

### 1998g *Autorretrato*

"Autorretrato. Quen me dera ser Peter Brook". "Los Domingos de La Voz". *La Voz de Galicia* 27/09/1998: 16.

### 2000a *Criaturas*

*Criaturas*. Viana do Castelo: Teatro do Noroeste/ Centro Dramático de Viana, 2000.

### 2000b *Burla*

*A burla do galo ou Vida e amores de Don Esmeraldino da Cámara Mello de Lima Vizconde de Ribeirinha e Galo de Portugal*. Compostela: IGAEM, (marzo) 2000 [: 93-208]. Colección Centro Dramático Galego/ IGAEM, 23.

### 2001a *Mar*

*Mar revolto*. Compostela: IGAEM (xuño), 2001 [: 135-283]. Colección Centro Dramático Galego/ IGAEM, 26.

### 2001b *Rosalía*

"Versión (libre e non moi respectuosa)". En Otero Pedrayo, Ramón. *Rosalía*. Compostela: IGAEM, outubro, 2001: 125-89]. Colección Centro Dramático Galego/ IGAEM, 27.

### 2002c *Sen ir*

"Sen ir máis lonxe". En *A Trabe de Ouro* 50 (Tomo II/ ANO XIII/ 2002/Abril-Maio-Xuño): 229-47 [II/85-II/103].

### 2003b *Animaliños*

*Animaliños*. Compostela: Follas Novas, 2003 [: 113-72]. Colección Follas de Teatro 4.

### 2003c *Integral*

*Integral*. Ferrol: Edicións Embora.

### 2003d *Actas* [castelán]

*Las actas oscuras*. Hondarribia (Guipúzcoa): Hiru.

### 2003g *No existe*

"No existe un pueblo con alma sin poetas que lo canten". *Primer Acto IV*/ 2003, 300: 146-7.

### 2005 *Actas*

*As actas escuras*. Compostela: Concellaría de Cultura e Promocións Culturais Galegas.

### 2013a *Obras*

*Obras completas*. Vol. 1. Santiago, Positivas.

### 2013b *Obras*

*Obras completas*. Vol. 2. Santiago, Positivas.

## Sobre Roberto Vidal Bolaño

- Alvarellos, Henrique (1997) *Territorio auroral. 36 Memorias vivas de Compostela*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago.
- Becerra, Carmen & Vilariño, Teresa (eds.) (2002) *Roberto Vidal Bolaño, escritor escénico. Estudios críticos seguidos da comedia ¡Anxeliños!* Lugo: Tris Tram.
- Conde, Alfredo (2001) “Actores”, en “Os outros días”, *El Correo Gallego* 19/03/2001.
- Dobao, Antón (2012) “Roberto Vidal Bolaño en Compostela”, en <http://frentepopular.gl/?p=1466>
- Fernández Castro, Xosé Manuel (2011) *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Bertamiráns: Laiovento.
- Franco, Camilo (2012) *Dez obras na vida de Vidal Bolaño*. Mandaio, Cesusras, A Coruña: Biblos. Clube de Lectores.
- López López, Iolanda (1999) “Roberto Vidal Bolaño. E o teatro namorouse do cine”. *InteresArte* 7 (Vigo, outono 1999): 44-46.
- Luca de Tena, Gustavo (1996) “A indústria da morte contra o paradiso, ou a fábula da nación agredida” *ANT* 712, 08/02/1996: 24.
- Pascual, Roberto (2013) *Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro*. Vigo: Xerais.
- Quintáns, Manuel (2005) “O medo á verdade”, en RVB 2005 *Actas*: 11-13.
- Quintáns, Manuel (2013) “Roberto Vidal Bolaño: un teatro nacional ou un teatro popular”, en Tato 2013: 7-18.
- Tato Fontaíña, Laura (2013) *Roberto Vidal Bolaño. Unha vida para o teatro*. Noia: Toxosoutos.
- Vieites, Manuel F. “Teorías da interpretación nos primeiros textos de Roberto Vidal Bolaño. Un marco teórico posible para o seu estudio”, en Becerra 2002: 117-192.

## Outras ligazóns de interese

[http://aaag.es/?page\\_id=13](http://aaag.es/?page_id=13)

(Premios María Casares)

[www.aelg.org/Centrodoc/GetParatextById.do?id=paratext2475](http://www.aelg.org/Centrodoc/GetParatextById.do?id=paratext2475)

(Asociación de Escritores en Lingua Galega)

[http://www.centrodramatico.org/imxd/noticias/doc/1264435225Didactico\\_As\\_actas\\_escuras.pdf](http://www.centrodramatico.org/imxd/noticias/doc/1264435225Didactico_As_actas_escuras.pdf)

(Centro Dramático Galego)

<http://consellodacultura.org/>

(Consello da Cultura Galega)

<http://www.culturagalega.org/noticia.php?id=21110>

(Información xeral sobre RVB)

<http://www.laopinioncoruna.es/cultura/2012/06/25/vidal-bolano-alma-do-teatro-galego-longa-sombra-do-sombreiro/621318.html>

(RVB na prensa)

[http://www.realacademiagalega.org/probadareal/-/asset\\_publisher/3bcE/content/homenaxe-a-roberto-vidal-bolano?redirect=http%3A%2F%2Fwww.realacademiagalega.org%2Fprobadareal%3Fp\\_p\\_id%3D101\\_INSTANCE\\_3bcE%26p\\_p\\_lifecycle%3D0%26p\\_p\\_state%3Dnormal%26p\\_p\\_mode%3Dview%26p\\_p\\_col\\_id%3Dcolumn-1%26p\\_p\\_col\\_pos%3D1%26p\\_p\\_col\\_count%3D2](http://www.realacademiagalega.org/probadareal/-/asset_publisher/3bcE/content/homenaxe-a-roberto-vidal-bolano?redirect=http%3A%2F%2Fwww.realacademiagalega.org%2Fprobadareal%3Fp_p_id%3D101_INSTANCE_3bcE%26p_p_lifecycle%3D0%26p_p_state%3Dnormal%26p_p_mode%3Dview%26p_p_col_id%3Dcolumn-1%26p_p_col_pos%3D1%26p_p_col_count%3D2)

(Real Academia Galega)





XUNTA  
DE GALICIA



MIXTO  
Papel procedente  
de fontes responsables  
FSC® C103817